



CONCELLO DE ARANGA

Expediente: parque eólico Repotenciación Serra da Loba e as súas infraestruturas de evacuación (IN408A 2025/018)

Asunto: remisión de documentación para exposición pública e solicitude de emisión do correspondente certificado acreditativo

Para os efectos da súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello durante o prazo de trinta (30) días hábiles, que se contarán **a partir do día seguinte** ao da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) do Acordo de información pública emitido por esta dirección xeral (DOG Núm. 147 do 6.8.2026), remíttolles, a través das ligazón indicadas, a seguinte documentación:

1. ACORDO do 31 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto do parque eólico Repotenciación Serra da Loba e as súas infraestruturas de evacuación, nos concellos de Guitiriz e Xermade (Lugo) e Aranga e Monfero (A Coruña) (expediente IN408A 2025/018):

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/2Tq476SnoCzKTAK>

2. Proxecto de execución:

- "Proyecto de ejecución Renovación tecnológica parque eólico Serra da Loba. Octubre 2025" (asinado o 15.12.2025).

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/7MtqMdXGa5LgFY4>

3. Estudo de impacto ambiental:

- "Estudio de Impacto Ambiental relativo a la Renovación Tecnológica del parque eólico Serra da Loba. Municipios de Aranga y Monfero (Provincia de A Coruña) y Guitiriz y Xermade (Provincia de Lugo). Diciembre 2025"(asinado o 19.12.2025).

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/HksZ7ZT6qAoX3Dk>

Polo exposto, e unha vez rematado o prazo de información pública indicado, deberán remitir a esta dirección xeral o correspondente certificado acreditativo emitido por ese Concello, co obxecto de continuar coa tramitación do expediente, no que se deberá especificar:

- O período da exposición pública.
- Referencia a toda a documentación exposta para a súa consulta durante o dito período, anteriormente relacionada.





- Indicar se se presentaron alegacións ante ese Concello ou non e, de ser o caso, relacionalas na certificación.

Así mesmo, informarlles que unha vez publicado o devandito acordo de Información pública no DOG, tamén se poderá consultar toda a documentación sometida a información pública do proxecto referenciado no portal web desta Consellería a través da seguinte ligazón:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data indicada á marxe

A xefa do Servizo de Proxecto de Enerxías Renovables

Zoila Vilariño Alonso

